



## **A CONSELLARÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA 825.000 EUROS A FOMENTAR A PROTECCIÓN DA PROPIEDAD INDUSTRIAL**

- **O Diario Oficial de Galicia publica hoxe a convocatoria destinada a subvencionar os gastos derivados da tramitación de solicitudes de títulos de propiedade industrial e da súa renovación**
- **Esta convocatoria recibiu en 2007 o recoñecemento da Comisión Europea como a mellor práctica nesta materia no ámbito estatal**

**Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2008.-** A Consellaría de Innovación e Industria, a través da Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, vén de convocar no Diario Oficial de Galicia de hoxe as axudas para o Fomento da Propiedade Industrial en Galicia por valor de 825.000 euros. O obxectivo da convocatoria é fomentar a protección da propiedade industrial en Galiza para garantir a plena explotación dos resultados das innovacións, sexan invencións técnicas, deseños industriais ou signos distintivos.

Estas subvencións destinaranse a atender os gastos derivados da tramitación de solicitudes de títulos de propiedade industrial e da súa renovación ante as oficinas autonómicas, estatais ou internacionais. Dentro da convocatoria de Fomento da Propiedade Industrial, existen tres liñas diferentes. A primeira delas é para a solicitude de calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos) e está destinada a subvencionar os trámites para a obtención de novos títulos de transformación ou da extensión territorial de títulos existentes. Os gastos subvencionables son os importes das taxas e os gastos de consultoría externa.

A segunda liña da convocatoria destínase ao mantemento de títulos de propiedade industrial correspondentes a invencións. A subvención contribuirá ao pago dos trámites de renovación e da posta en explotación de patentes e modelos de utilidade.

En terceiro lugar, as subvencións están destinadas tamén ás análises de rexistrabilidade de calquera título de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos). Considéranse gastos subvencionables os gastos de consultoría externa asociados á realización de buscas de antecedentes rexistrados ou informes de rexistrabilidade efectuados con carácter previo á solicitude de protección do título de que se trate, sempre que estes servizos sexan prestados por entidades externas, habilitadas ou con recoñecida experiencia.

### **BENEFICIARIOS**

Para calquera título de propiedade industrial poderán ser beneficiarios destas axudas as microempresas, pequenas e medianas empresas con domicilio social ou algún centro produtivo en Galiza, sempre que os conceptos para os que solicitan a subvención teñan aplicación directa nestes centros produtivos. Só para títulos de propiedade industrial de invencións, poderán ser beneficiarios as grandes empresas que teñan o seu domicilio



social ou algún centro produtivo en Galiza; as persoas físicas empadroadas en Galiza e as institucións sen fin de lucro que teñan o seu domicilio social en Galiza.

As axudas asumen a forma de subvencións a fondo perdido e a súa contía será do 70% dos gastos subvencionables. Ademais, establécese 36.000 euros como cantidade máxima por beneficiario. As solicitudes de subvención serán atendidas respectando a súa orde de entrada e sen comparación con outra solicitudes até o esgotamento do crédito dispoñible. Para máis información e para acceder aos formularios, as persoas interesadas deben consultar a sección de Convocatorias da web da Dirección Xeral de I+D+i da Consellaría (<http://www.conselleriaiei.org/dxidi/>).

### **RECOÑECIMIENTO COMO “A MELLOR PRÁCTICA” DO ESTADO**

O sistema de axudas para o fomento da propiedade industrial da Consellaría de Innovación e Industria foi recoñecido en 2007 como a mellor práctica no ámbito estatal e unha das mellores 15 no ámbito europeo en materia de patentes, de propiedade industrial e Intelectual nun estudo encargado pola comisión Europea ao Instituto Austríaco de Investigación para as PEME.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA**